

FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME

APELIDOS

D.N.I.

NRP

ENDEREZO

C. POSTAL

LOCALIDADE

TELF.

C. ELECTRÓNICO

PROFESOR EN

TITULADO EN

ESTUDANTE EN

MODALIDADE (A/B)

Ingreso en Caixa Galicia: 2091 0300 45 3040089500

Concepto: IV Congreso de Patrimonio

(Indicar nome e apelidos)

IV CONGRESO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO GALEGO I INTERNACIONAL

**Os camiños de Santiago:
miradas e experiencias**



COMITÉ ORGANIZADOR

Xosé Manuel Cid Fernández

Xulio Fernández Senra

Mariló Fernández Senra

Xosé Antón Fidalgo Santamariña

Fátima Braña Rey

Rosi Vicente Alvarez

Rita Gradaille Pernas

COMITÉ CIENTÍFICO

Fátima Braña Rey

José Antonio Caride Gómez

Xosé Antón Fidalgo Santamariña

Marcial Gondar Portasany

Mercedes Durany Castrillo

María Victoria Carballo-Calero

José Ortega Esteban

Americo Nunes Peres

Martí March i Cerdá

Héctor Pose Porto

Antonio Tiza

Xavier Úcar Martínez

Organiza



Patrocina



Colabora

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia
Vicerreitoría do Campus de Ourense
Ateneo de Ourense

IV CONGRESO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO GALEGO I INTERNACIONAL



25, 26, 27, 28
de febreiro
e 1 de marzo 2010
Ourense
Facultade de Ciencias
da Educación

**Os camiños
de Santiago:
miradas
e experiencias**

O B X E C T I V O S

XUSTIFICACIÓN

Despois dos congresos sobre patrimonio inmaterial, organizados polo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo da Deputación Provincial de Ourense, no ano 2003, —e polo mesmo Centro en colaboración coa Facultade de Ciencias da Educación e coa Asociación Nova Escola Galega, en 2007 e 2009, coa publicación das actas correspondentes—, pretendemos dar continuidade a este evento, coa participación destas e outras institucións implicadas na temática proposta. Co obxecto de que o Congreso teña unha proxección internacional, contamos nesta edición coa inestimable colaboración da Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social.

Dado o interese do tema para o profesorado, contamos tamén coa colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e como institución sempre aberta á cultura na cidade de Ourense, colabora o Ateneo Ourense. A Xerencia do Xacobeo é un parceiro imprescindible para abordar o tema proposto nesta cuarta edición.

A consolidación dunha cita anual para analizar aspectos do patrimonio etnográfico é un paso importante na formación de educadores/as e futuros/as educadores/as, esperando contribuir ao coñecemento e posta en valor do patrimonio cos correspondentes cambios nos currículos e nas prácticas educativas.

Pretendemos pois afondar no coñecemento do patrimonio inmaterial e presentar novas prácticas para a súa difusión e inmersión nos programas educativos.

Para isto, o programa conta cun tema monográfico con certa concreción como é o Camiño de Santiago, procurando integrar no estudo do mesmo, tanto a voz dos portadores, como as análises de especialistas tanto en Galicia como nas comarcas lindantes, e outros centros de investigación europeos. Convidamos ademais a que se presenten experiencias educativas e comunitarias, ou relatorios monográficos que os participantes elaboren sobre os aspectos que están a investigar.

O congreso preséntase deste xeito como un foro de debate e participación, do que se podan extraer conclusións para a posta en práctica de novos xeitos de coñecer, recuperar, valorar e transmitir o patrimonio común.

OBXECTIVOS

- Fomentar no Profesorado e Educadores o afán polo coñecemento da cultura propia.
- Coñecer as boas prácticas do Patrimonio para transmitir ao alumnado.
- Fomentar o coñecemento, respecto e utilidade educativa do patrimonio cultural galego.
- Motivar cara a recuperación da cultura popular galega.
- Dar a coñecer importantes recursos educativos da comunidade para levar a cabo unha educación patrimonial.
- Fomentar o traballo investigador da realidade do patrimonio etnográfico galego e a súa proxección internacional.

PROGRAMA

MODALIDADE A = **TEÓRICO**
MODALIDADE B = **TEÓRICO + PRÁCTICO**

Xoves, 25 de febreiro

AULA MULTIUSOS EDIFICIO DE FERRO. CAMPUS DE OURENSE

18:00 Acto de Inauguración.

18:15 «Camiños de Santiago: miradas antropolóxicas»

Eva Mouriño López. IES Carril.

Manuel Vilar Álvarez. Asociación Galega de Antropoloxía.

Fátima Braña Rey. Universidade de Vigo.

19:30 Descanso - Café.

20:45 Relatorios - comunicacións

Venres, 26 de febreiro

SALÓN DE ACTOS DO EDIFICIO POLITÉCNICO. CAMPUS DE OURENSE

17:00 «O Camiño de Santiago a ollos dos educadores»

Rosi Vicente Álvarez. Nova Escola Galega,

Raquel Mariño Fernández. Fac. CC. da Educación. Santiago.

Moderadora: Xesús Rodríguez Rodríguez. Director da

Revista Galega de Educación.

18:30 Descanso

19:00 «A viticultura no camiño de Santiago».

César Fernández Portal. Enxeñeiro Agrónomo.

20:00 Concerto didáctico «As gaitas no camiño de Santiago».

Pablo Carpintero.

Sábado, 27 de febreiro

ATENEU DE OURENSE

11:00 Mesa redonda: «Os Camiños do Sur»

Yolanda Barriocanal López, Eligio Rivas Quintas,

Manuel Rodríguez, Xabier Limia Gardón.

13:00 Saída en autobús até Benposta para andar un tramo do Camiño da Vía da Prata (casco histórico de Seixalbo).

14:00 Regreso a Ourense.

16:30 Saída en autobús para O Bierzo.

Proxección de vídeos sobre Os camiños de Santiago.

18:30 Chegada a Vilafranca.

20:00 «Amigos do Camiño Real». Antón Pereiras.

21:00 Cea.

Noite no albergue Ave Fénix.

Domingo, 28 de febreiro

11:00 Percorrido polo Camiño de Santiago.

Dirección O Bierzo - Triacastela.

O traxecto complementarase cun guía de fauna e flora da zona de montaña galega.

13:00 Recollida en autobús.

14:00 Visita guiada ao patrimonio da vila na que xantamos.

16:30 Volta a Ourense.

Luns, 1 de marzo

18:00 Relatorios - Comunicacións.

20:00 Conferencia de clausura: ATENEU DE OURENSE.

Carmen Pugliese «As mulleres no Camiño de Santiago»

Peche oficial e entrega de certificados.

NORMAS PARA O ENVÍO DE RELATORIOS

1 Encabezado: deberán figurar os seguintes datos: **título, apelidos e nome do/a autor/a, centro de traballo.** A continuación un **resumo** cunha extensión aproximada de 150 palabras.

2 Extensión: 10 páxinas.

3 Tamaño e tipo de letra: Times New Roman 12 para o corpo do texto e Times New Roman 10 para as notas a rodapé. Espaciado de 1.5.

4 Notas: pór antes de punto e seguido (ex: ¹) e, preferiblemente, no final do parágrafo (ex: ²).

5 Citación: ao xeito usual nas Ciencias Sociais: Apelidos, ano: pág.-páxinas (ex: Villares, 1992: 350; Barreiro Fernández, 1997: 420-421) no propio texto, deixando as notas a rodapé para citas documentais e textuais, reflexións críticas, etc.

6 Bibliografía final: conformarase un único listado ao final do volume, citada do xeito que segue: Apelidos, Inicial do nome, ano de publicación (entre paréntese), título (en cursiva para monografías, entre aspas para artigos), lugar de edición, editorial, páxinas (inicial e derradeira no caso de artigos en revistas ou obras colectivas). Ex.:

Orden, M^a. L. da (2005), *Inmigración española, familia y movilidad social en la Argentina Moderna. Una mirada desde Mar del Plata*. Buenos Aires, Ed. Biblos.

- (2001), "La inmigración gallega en Mar del Plata: trabajo, movilidad y relaciones personales, 1895-1930", en X. M. Núñez Seixas, comp., *La Galicia Austral. La inmigración gallega en la Argentina*. Buenos Aires, Ed. Biblos.

7 Lingua: Aceptaranse todos os relatorios na lingua orixinal que elixa o autor, comprometéndose o mesmo a facilitar unha tradución para o libro de actas.

8 Seccións Temáticas:

1. Os camiños de Santiago: administración e conservación.

2. Facer os camiños: a perspectiva dos peregrinos.

3. Configurar os camiños: institucións vinculadas.

4. As historias dos camiños: lendas e tradicións, as fontes históricas e documentais.

9 Para que poidan publicarse os relatorios no libro de actas, deben enviarse os resumos denantes do 12 de febreiro, e o texto completo durante o congreso.

10 As propostas de relatorios poderán enviarse por correo electrónico (xcid@uvigo.es) ou por carta ao seguinte enderezo:

IV CONGRESO GALEGO DE PATRIMONIO ETNOGRÁFICO (1º INTERNACIONAL)
Facultade de Ciencias da Educación, Avda. Castelao s/n, Ourense, CP 32004. Neste caso deberase acompañar o texto en papel cun CD coa mesma información.

VALORACIÓN EN HORAS

Modalidade A: Teórico, 16 horas*

Modalidade B: Teórico-practico, 24 horas

* Independentemente da modalidade, o recoñecemento solicitado é de 16 h. da Consellería de Educación ou un crédito de libre elección da Universidade de Vigo.

NÚMERO DE PRAZAS

Modalidade A: 150

Modalidade B: 50

Tanto as prazas para titulados sen emprego (30%) como as prazas da modalidade B reservaranse enviando un correo a xcid@uvigo.es

Admisión por orde de preinscrición, que se irá confirmando en función da demanda.

Se a demanda de prazas da modalidade B fose maior, estudaremos unha aplicación das mesmas.

MATRÍCULA

Ingreso en Caixa Galicia: 2091 0300 45 3040089500
Concepto: IV Congreso de Patrimonio
(Indicar nome e apelidos)

Matrícula xeral

Modalidade A: 20 euros

Modalidade B: 60 euros (confirmar que hai prazas)**

Matrícula reducida***

(confirmar que hai prazas no correo xcid@uvigo.es)

Modalidade A: 10 euros

Modalidade B: 35 euros**

** Inclúe gastos de desprazamento, aloxamento e comidas.

*** Estudantes, desempregados e socios das entidades organizadoras.